

“MÁIS QUE UN TEITO”

Programa para as familias do alumnado de primaria

A finais do pasado curso os Departamentos de Servizos Sociais dos concellos de Cabanas e Pontedeume puxeron en marcha un programa totalmente gratuito no que se traballaron sobre diferentes aspectos e temáticas de interese para pais, nais ou persoas responsables do alumnado de primaria.

Despois dos bos resultados acadados, iniciase outra vez o mesmo proxecto. Por este motivo, convidámosvos o próximo **martes 28 de outubro** á presentación do mesmo, onde poderedes coñecer o formato, os contidos e ás persoas que o guiarán; consultar dúbidas e inscribivos se así o decidides. O lugar de celebración será **FOREMDES** ás **18:30** da tarde. Se non podedes asistir pero estades interesados/as no programa podedes chamar aos seguintes **teléfonos: 981.43.32.88** (Servizos Sociais Concello de Pontedeume) ou **981.43.10.07** (Servizos Sociais Concello de Cabanas).

As sesións serán os martes 4, 11, 18, 25 de novembro de 18:30 a 20:00

Que buscamos neste espazo?

1. Ofrecer ás familias un espazo de intercambio, diálogo e reflexión sobre temáticas de interese na educación dos fillos/as.
2. Proporcionar ás familias ferramentas para intervir sobre as dificultades que atopan cos seus fillos/as.
3. Mellorar a comunicación e as pautas de resolución de conflitos dentro das familias participantes.
4. Dar a coñecer estratexias positivas e eficaces na educación dos seus fillos/as.

Ademais, para as persoas que así o desexen posibilitarase a **consulta individual** para superar posibles dificultades que xorden no seo familiar cos fillos/as (dificultades para acatar normas; apatía; dificultades ante os estudos, agresividade...).

CONTARASE CUN **SERVIZO DE CANGUROS** DURANTE AS SESIÓNS
AGARDÁMOSVOS!